

## Addenda á Programación de Latín do IES de Foz. Curso 2021-2022.

Ante a *ORDE* do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, as Programacións de Latín e de Grego do IES de Foz no curso académico 2021-2022 sufren as seguintes modificacións:

### CULTURA CLÁSICA 3º ESO e LATÍN 4º ESO.

O cálculo das notas e os procedementos de recuperación da 1ª, 2ª e 3ª avaliacións mantéñense tal e como se indica na programación da materia.

O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría.

O **alumnado que aprobe a materia** na terceira avaliación deberá realizar unhas actividades dirixidas polo profesor que recollan os aspectos culturais tratados ao longo do curso. Para a súa realización o alumno deberá recopilar os contidos de índole cultural explicados ao longo do curso e elaborar con eles unha proposta creativa co apoio do material facilitado polo profesor e os recursos colgados nos cursos de 3º ESO Cultura Clásica e Latín 4º ESO en Edixgal.

**Para o alumnado que teña a materia sen superar** logo de realizada a terceira avaliación parcial elaborárase un breve informe de avaliación individualizado que será a base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. O exame previo á avaliación final versará sobre os contidos mínimos da materia, que se explicitarán de xeito concreto coa entrega ao alumnado dun *exame tipo* que recollerá puntualmente todos os aspectos básicos da materia e que será explicado e corrixido na aula.

A **cualificación definitiva** da materia farase efectiva na avaliación final de curso. O cálculo para obter a cualificación final será o seguinte:

- para o **alumnado que aprobe a materia** na terceira avaliación, unha valoración positiva nas actividades propostas poderá supor un redondeo á alza da cualificación obtida na terceira avaliación ata o número enteiro inmediatamente superior.

- para o **alumnado que teña a materia sen superar** logo de realizada a terceira avaliación parcial a cualificación da proba escrita indicará a nota final, que poderá ser modulada á alza dacordo cos criterios que na programación ordinaria se indican (actitude na aula, traballo durante o curso).

### LATÍN 1º BAC

O cálculo das notas e os procedementos de recuperación da 1ª, 2ª e 3ª avaliacións mantéñense tal e como se indica na programación da materia.

O período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata o remate do período lectivo dedicarase á preparación e á realización das probas extraordinarias, e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría.

O **alumnado que non supere a materia** logo da avaliación final do período ordinario terá dereito a realizar unha proba extraordinaria nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso. Esta proba escrita versará sobre os contidos mínimos da materia, que se explicitarán de xeito concreto coa entrega ao alumnado dun *exame tipo* que recollerá puntualmente todos os aspectos básicos da materia e que será explicado e corrixido na aula.

A cualificación da proba escrita indicará a nota final.

## LATÍN 2 ° BAC

O cálculo das notas e os procedementos de recuperación da 1ª, 2ª e 3ª avaliacións mantéñense tal e como se indica na programación da materia.

O período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata o remate do período lectivo dedicárase á preparación e á realización das probas extraordinarias e á preparación das probas de acceso á universidade.

O **alumnado que non supere a materia** logo da avaliación final do período ordinario terá dereito a realizar unha proba extraordinaria nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.

Esta proba escrita versará sobre os contidos mínimos da materia :

- tradución e análise morfolóxico/ sintáctico dun fragmento dunha fábula de Fedro de entre as traballadas durante o curso.

- proba sobre expresións latinas, prefixos latinos e literatura traballada na aula durante o curso.

Explicitarase o modelo de exame coa entrega ao alumnado dun modelo que recollerá puntualmente todos estes aspectos básicos da materia e que será explicado e corrixido na aula.

A cualificación da proba escrita indicará a nota final.

Para o **alumnado que aprobe a materia** na avaliación final ordinaria ofreceránse clases de preparación da proba da ABAU, coa realización de probas *ad hoc* para a práctica da tradución e estratexias para abordar dun xeito máis eficiente a ABAU.

### Alumnado pendente.

Non hai alumnos pendentes nas materias de Cultura Clásica e Latín no curso académico 2021-22.

Foz, 5 de abril de 2022

Asdo. Jesús García Cortázar

